

PRISCILLA

Sofia Coppola, 2023

1242

ESTREA EN NUMAX: 14.02.2024 | V.O.S.E. | +12 | 112 min

Cando a adolescente Priscilla Beaulieu coñece a Elvis Presley nunha festa, el xa é unha meteórica superestrela do rock'n'roll. Na esfera privada convértese nalgúen totalmente inesperado: un aliado na soidade, un vulnerable mellor amigo, un apaixonante frechazo. Película baseada nas memorias «Elvis and Me» escritas por Priscilla Beaulieu Presley, publicadas en 1985 e que relatan o longo noivado e turbulento matrimonio de Elvis e Priscilla, desde unha base militar alemá ata a finca dos seus sonhos en Graceland.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Conto de fadas aterrador sobre o amor tóxico. Un filme elegante, feminista e tremendamente actual»

Pepa Blances, CADENA SER



Entrevista con Sofia Coppola: «Os sentimentos de Priscilla son universais, pasa por cousas que lle ocorren a todas as mulleres»

Todo empezou coas memorias de Priscilla Presley? Elvis e Priscilla son unha parella lendaria, pero non se sabe moito acerca dela. A súa historia conmoveume tanto como descubrir o que significara para ela. Describe con moito detalle como foi crecer nun mundo tan diferente. Non podía quitálo da cabeza, e un día decidín chamala e preguntarlle se considerara a posibilidade de vender os dereitos do libro para unha película. Contestoume que o ía pensar. Cando me volveu chamar para dicirme que estaba de acordo non podía crelo. Priscilla estaba disposta a contestar as miñas preguntas e a darme detalles que engadiron moito á película.

Priscilla Presley é unha das produtoras executivas da película, a súa contribución debeu ser moi importante. Si, e tamén me importaba que Priscilla Presley se sentise cómoda coa película. É a súa historia, debía respectar a verdade. A dificultade residía en atopar o equilibrio para expresar o que eu quería e que ela se sentise ben. Significou moito para min cando, despois de ver a película, dixó que estaba conmovida e que Cailee Spaeny soubera expresar como se sentía realmente entón e o que vivira. Teño a impresión de que é a primeira vez que Priscilla está debaixo do foco. Todo está concentrado nela e non na Sra. de Elvis Presley.

A película é moi do estilo Sofia Coppola, no sentido de que non é un biopic. Exacto. Foi un reto interesante ver como podía contar a historia. A súa relación con Elvis foi unha parte moi importante da súa vida, pero como destilar a súa experiencia para que encaixase nunha película? Como comunicar a sensación do que viviu e atopar formas creativas para vela evolucionar desde os catorce anos ata os vinte e moitos. Tamén quería plasmar os momentos en Graceland, centrarme niso. A miña idea era abranguer, sobre todo, o momento en que chega a Graceland ata o momento que marcha. Pero tiña que contar como chegara alí, como coñecera a Elvis.

Cre que o público se identificará coa historia de Priscilla, unha adolescente que se namora dun home de éxito maior que ela, a pesar do glamuroso da súa vida? Quero que os espectadores se identifiquen coa súa historia porque é o que sentín lendo o libro. Aínda que o decorado non sexa en grao sumo normal, os sentimentos de Priscilla son universais, pasa por cousas que lle ocorren a todas as mulleres, dá igual que sexa o seu primeiro bico, o seu primeiro día de colexio, ter unha filla, ser nai. E a idea de que cando Elvis está de xira, ela debe ficar casa e coidar da súa filla mentres os mozos o pasan en grande. Sempre tentei conectar coa vertente humana da historia e os altibaixos na súa relación do modo máis honrado posible. Espero sinceramente que os espectadores conecten coas súas emocións. Creo que todos nos ilusionamos con alguén e logo, co tempo, esperamos ter a posibilidade de reencontrarnos a nós mesmos. Paréceme que a historia de Priscilla ten unha forza tremenda e que foi capaz de atopar unha identidade propia. Foi a miña inspiración.

Cre que o público verá a Elvis baixo outro prisma? As memorias de Priscilla Presley son moi interesantes. Mostran a faceta privada de Elvis, a súa vulnerabilidade, e enténdese onde nacían as súas frustracións como artista. Esforceime en mostralo todo desde o punto de vista de Priscilla, regresar sempre ao seu punto de vista, á súa experiencia privada con el. Aquí non se trata de Elvis como músico, senón de como ela o vía na súa vida privada. Quería que fose un ser humano cos seus defectos. Aínda que hai momentos en que Elvis non é simpático, creo que houbo moito amor na relación entre ambos.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Elvis and Me,
Priscilla Beaulieu Presley.
Riverhead, 2023